



MULLERES CIENTÍFICAS

MULLERES CIENTÍFICAS © 2025 by [Sara Montero Fernández @laproffesara](#) is licensed under [CC BY-NC-ND 4.0](#)



Escrito, diseñado e ilustrado por **Sara Montero Fernández.**



Este material foi creado con esforzo e dedicación, coidando cada detalle para apoiar metodoloxías activas e innovadoras.



Prohibida a modificación, réplica, plaxio e venda do contido e imaxes deste material **rexistrado por Sara Montero Fernández.**



Podes atopar os meus materiais en Instagram : **@laproffesara**

Grazas por valorar e respectar o meu traballo.

MULLERES CIENTÍFICAS © 2025 by Sara Montero Fernández @laproffesara is licensed under Creative Commons Attribution-NonCommercial-NoDerivatives 4.0 International





A ciencia axúdanos a entender cousas importantes, como como curar enfermidades, como coidar o noso planeta ou que pasou cos dinosauros.

O 11 de febreiro celebramos o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, para lembrar a grandes científicas que fixeron importantes descubrimentos para a humanidade.

Este día celebramos a todas as mulleres que cambiaron e seguen cambiando o mundo.

Queda para coñecer máis sobre estas increíbles mulleres!

@laprofesara

ADA LOVELACE

Ada Lovelace foi unha xenio das matemáticas. Escribiu o primeiro algoritmo informático, é dicir, descubriu como dar instrucións ás máquinas para que fixesen tarefas. Hoxe coñecémola como a “nai da programación”, xa que foi a primeira programadora de computadores. Grazas ao seu traballo, a día de hoxe podemos usar ordenadores para moitas cousas.



@laproffesara

MARY ANNING

Mary Anning foi unha gran paleontóloga. Atopou o primeiro esqueleto completo dun ictiosaurio e os primeiros esqueletos de plesiosaurios. Os seus achados axudaron a demostrar que desde fai millóns de anos hai vida na Terra.

Aínda que viviu nunha época de desigualdade, demostrou que as mulleres tamén podían ser grandes científicas.



@laprofesara

MARIE CURIE

Marie Curie foi unha científica moi importante que estudou os átomos, as partes máis pequenas de todo o que nos rodea.

Descubriu que algúns átomos poden ser perigosos, pero tamén útiles para curar enfermidades como o cancro.

Foi a primeira muller en gañar un Premio Nobel e a única persoa que gañou dous en diferentes disciplinas, Física e Química.




@laproffesara

ROSALIND FRANKLIN

Rosalind Franklin foi unha científica que estudou o ADN, a molécula que garda información sobre como somos, como a cor dos ollos ou a altura.

Usando unha técnica especial, tomou a famosa "Fotografía 51", que axudou a descubrir que o ADN ten forma de dobre hélice, algo similar a unha escaleira de caracol. Aínda que no seu tempo non foi recoñecida, o seu traballo foi clave para a ciencia.



A cartoon illustration of Jane Goodall. She has short, wavy grey hair and is wearing a green jacket over a brown shirt. A speech bubble is positioned in front of her face, containing text in Galician. The name 'JANE GOODALL' is written across her forehead in a stylized, green, blocky font. In the top left corner of her hair, the text '@laproffesara' is written. At the bottom center, there is a small circular logo featuring a cartoon girl with brown hair, wearing a white shirt with a colorful floral pattern.

@laproffesara

JANE GOODALL

Jane Goodall é unha científica que viaxou a África para estudar como viven os chimpancés. Pasou moitos anos na selva observándoos e descubriu que, do mesmo xeito que os humanos, usan ferramentas e teñen emocións.

O seu increíble traballo axudou a protexer aos animais e ensinou a importancia de coidar a natureza. Hoxe en día, é unha das grandes defensoras do coidado do medioambiente.

@laproffesara

MAE JEMISON

Mae Jemison foi a primeira muller afroamericana en viaxar ao espazo. Antes de ser astronauta, estudou medicina e traballou como médica. Tras moito esforzo, logrou o seu soño de voar ao espazo. Alí, pasou varios días realizando experimentos científicos sobre como o corpo humano reacciona no espazo e como diferentes materiais se comportan en gravidade cero. Mae demostrou que as mulleres e as nenas poden lograr todo o que se propoñan.



@laproffesara

SARA GARCÍA ALONSO

Sara García Alonso é unha científica española que investiga tratamentos contra o cancro de pulmón e páncreas.

Estudou biotecnoloxía e recibiu premios pola súa excelencia académica. Foi a primeira muller española seleccionada para ser astronauta na Axencia Espacial Europea (ESA).

Grazas ao seu traballo, moitas persoas teñen máis esperanza na loita contra o cancro.





ACTIVIDADES



QUE APRENDEMOS?

**ADA
LOVELACE**



**MARY
ANNING**



**MARIE
CURIE**





**ROSALIND
FRANKLIN**



**JANE
GOODALL**



**MAE
JEMISON**



**SARA
GARCÍA
ALONSO**



@laproffesara



QUEN É QUEN?


Os átomos estudou e chegou a gañar,
dous grandes premios que ninguén pode igualar.

Son...




Con números e máquinas chegou a inventar,
a programación que hoxe podes usar.

Son...



Na selva viviu con gran ilusión,
observando chimpancés con moita atención.


Son...






Contra o cancro loita con dedicación,
pronto será astronauta, que ilusión!

Son...




Ao espazo chegou con moita valentía,
e alí fixo historia con gran alegría.

Son...




O ADN estudou con gran emoción,
e a súa forma de escaleira foi a súa gran lección.

Son...



Nas rochas buscou e logrou atopar,
fósiles de animais da era ancestral.

Son...





INVESTIGA :
EN QUE PAÍS
TRABALLARON?








@laproffesara









@laproffesara










QUE APRENDEMOS?





QUE APRENDEMOS?







VELCROS

